



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA ONCE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E SEIS (6/2026)

Na Casa do Concello de Monfero, ás 12 horas e 59 minutos do día once de marzo de dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, alcalde en funcións, por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día ás doce horas.

Actúa como Secretaria, D.^a Ana Ramos Ramos, secretaria en réxime de acumulación.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

1. Aprobación da acta da sesión do día 25 de febreiro de 2026
2. Subministración de produtos químicos para o tratamento auga potable, vaso piscina e mantemento equipos 2026. Adjudicación
3. Servizo de prevención e control da lexiellosis instalacións municipais 2026. Adjudicación
4. Aprobación da relación de facturas núm. 007XOISU/2026
5. Aprobación da relación de facturas núm. 05XOK/2026
6. Aprobación da relación de facturas núm. 004RRSE82026
7. Asuntos urxentes

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2026

Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou con anterioridade á convocatoria desta sesión no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión do día 25 de febreiro de 2026 se considera aprobada sen ningunha obxección por **UNANIMIDADE** dos presentes.

2. SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS QUÍMICOS PARA O TRATAMENTO AUGA POTABLE, VASO PISCINA E MANTEMENTO EQUIPOS 2026. ADJUDICACIÓN

A Sra. Secretaria-interventora dá conta deste expediente de contratación que se transcribe literalmente deseguido:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR 2026/C002/000006	
Órgano de contratación:	Xunta de goberno local
Tipo:	Subministracións
Obxecto:	SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS QUÍMICOS PARA O TRATAMENTO AUGA POTABLE,VASO PISCINA E MANTEMENTO EQUIPOS 2026 (segundo memoria técnica que consta no expediente)
Código CPV:	24962000-5: produtos químicos tratamento da auga. 50000000 - Servizos de reparación e mantemento.
Orzamento base licitación:	6.349,95€
Prazo entrega:	Catro meses, entrega mensual de acordo coa indicado na memoria.
Aplicación orzamentaria	2026.323.22114 nunha porcentaxe do <u>30,19%</u> 2026.342.22114 nun porcentaxe do <u>69,81%</u>
Necesidade e xustificación do contrato: (art. 118.2 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar esta subministración para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor.
Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):	...Instalacións deportivas(25.2.I da Lei 7/1985) ... mantemento edificios titularidade local... (25.2.n, Lei 7/1985)
OFERTAS (Solicitadas / Recibidas)	
ACIDEKA, S.A JOFISA, S.L.	Non presentan ofertas dentro do prazo concedido

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

LINCOLD IBERICA, SL.	Importe:5195,00	Total: 6.285,95
----------------------	-----------------	------------------------

Logo de ver a oferta recibida e o informe de secretaría, considerando que o contrato é necesario polos motivos que se expresan, que o seu obxecto non é susceptible da súa división en lotes, a insuficiencia de medios para realizado, e que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente por non superar os límites para consideralo como tal, é o máis axeitado pola súa axilidade, eficacia e economía de trámite, e a reducida capacidade de xestión municipal que dificulta a utilización doutro procedementos, inxustificadas tamén economicamente polo reducido importe do contrato, propóñolle á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario polo motivo indicado na parte expositiva do presente acordo.
- 2.- Xustificar que non se está alterando de maneira fraudulenta o obxecto do contrato para evitar un indebido fraccionamento del coa finalidade de prescindir da aplicación das regras xerais de contratación, de publicidade e demais requisitos.
- 3.- Adxudicar ao contratista, LINCOLD IBERICA, SL., no prezo de 6.285,95€, a subministración que se especifica no informe de necesidade, polo importe indicado e mais aprobar o gasto correspondente, autorizándoo e dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria que se reflicte.
- 4.- Notificar este acordo ao adxudicatario, trasladándolle que este contrato non precisa de formalización para o seu perfeccionamento segundo o art. 36.1 da citada Lei 9/2017.
5. - Trasladar este acordo ao Negociado municipal de Contabilidade, Tesourería e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas deste acordo de compromiso ou disposición de gasto.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo.”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta.

3. SERVICIO DE PREVENCIÓN E CONTROL DA LEXIONELOSIS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS 2026. ADXUDICACIÓN

A Sra. Secretaria-interventora dá conta deste expediente de contratación que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR	
Núm. Expediente:	2026/C002/000005
Órgano de contratación:	Xunta goberno local
Tipo:	Servizos
Obxecto:	SERVICIO DE PREVENCIÓN E CONTROL DA LEXIONELOSIS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS 2026 Segundo memoria que consta no expediente
Código CPV:	- 71900000 - Servizos de laboratorio. - 71620000 - Servizos de análise
Orzamento base licitación:	4.070,44€
Aplicación orzamentaria:	342.22799
Prazo execución/entrega:	Segundo consta na memoria técnica
Necesidade a satisfacer: (art. 118.2 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar este servizo para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor.
<i>Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):</i>	A dita contratación considérase necesaria para o correcto mantemento e seguridade da instalación deportiva municipal que será obxecto das actuacións derivadas deste contrato, en cumprimento das competencias que o Concello de Monfero ten na promoción do deporte e instalacións deportivas conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado I) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.
Financiamento:	Municipal (fondos propios)
OFERTAS SOLICITADAS/RECIBIDAS	
INDUSTRIA DE LA SALUD FERROL S.L.	3310,00
AMBITEGA PLAGAS S.L.	3545,30
SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL,S.A	4070,44

Logo de ver as ofertas recibidas e o informe da Secretaría-Intervención incorporado ao expediente electrónico e considerando que o contrato é necesario polos motivos que se indican, que o seu obxecto non é susceptible da súa división en lotes, cos mesmos argumentos que constan no acordo da Xunta de Goberno local que inicia o expediente, a insuficiencia de medios para realizado, acreditada tamén no dito acordo, e que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente por non superar os límites para consideralo como tal, é o máis axeitado pola súa axilidade, eficacia e economía de trámite, e a reducida capacidade de xestión municipal que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificadas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

tamén economicamente polo reducido importe do contrato, propóñolle á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

1. Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario polo motivo indicado na parte expositiva do presente acordo.
2. Xustificar que non se está alterando de maneira fraudulenta o obxecto do contrato para evitar un indebido fraccionamento del coa finalidade de prescindir da aplicación das regras xerais de contratación, de publicidade e demais requisitos.
3. Adxudicar ao licitador, INDUSTRIA DE LA SALUD FERROL S.L., por importe de 3.310,00€, o servizo que se especifica na memoria técnica e mais aprobar o gasto correspondente, autorizándoo e dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria que se reflicte.
4. Notificar este acordo ao adxudicatario e resto de licitadores trasladándolle que este contrato non precisa de formalización para o seu perfeccionamento segundo o art. 36.1 da citada Lei 9/2017.
5. Trasladar este acordo ao Servizo Municipal de Contabilidade e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas deste acordo de compromiso ou disposición de gastos.

O alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta.

4. APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 007XOISU/2026

A Sra. Secretaria-Interventora informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu informe de intervención e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada consta asinada dixitalmente no expediente electrónico relacionado con este punto:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar a factura incluída na relación delas n.º 007XOISU/2026, así como o informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, tramitado para a súa aprobación con omisión da función interventora na contratación á que se refire o gasto a recoñecer e no que se pronuncia nos termos e co alcance do artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, e considerando que consta acreditado que a subministración á que se refire está realizada e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender o gasto correspondente para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza, o que o xustifica de maneira motivada, que se dispón de crédito orzamentario suficiente e axeitado para facerlle fronte, que

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

descoñecía a necesidade de fiscalización previa e que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin ocasionar o enriquecemento inxusto do Concello por incumprir a obriga ao seu cargo, nin se poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa, e, polo tanto, que concorren razóns de interese público, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Coñecer e resolver a omisión de fiscalización acontecida, continuar coa tramitación do procedemento e recoñecer e liquidar a obriga correspondente ao gasto que contén a relación de facturas que se indica a continuación, ao que se presta aprobación, e acumular nun só acto as tres fases de execución do gasto ás que se refire o art. 67.1.b) do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, e que a Tesourería Municipal proceda ao seu pagamento ao dito acredor e a súa contabilización con cargo á aplicación orzamentaria que nela se indica:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	007XOISU/2026
Importe total	5.869,91€
Número de facturas e gastos que contén	1
Número do Rexistro de Facturas da Factura	F/2026/117

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta.

5. APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 05XOK/2026

A Sra. Secretaria-Interventora informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu informe de intervención e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada consta asinada dixitalmente no expediente electrónico relacionado con este punto:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as facturas incluídas na relación delas n.º 05XOK/2026 e o informe favorable da Intervención municipal que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, considerando que as prestacións corresponden a servizos derivados de compromisos de gasto debidamente adquiridos e que consta acreditado no expediente que están realizadas e en beneficio e coa conformidade do Concello, que dispón de crédito orzamentario suficiente e axeitado para facerlles fronte, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes aos gastos que contén a relación de facturas que

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

se indica a continuación, aos que se lle presta aprobación, e que a Tesourería Municipal proceda ao seu pagamento aos provedores e a súa contabilización con cargo ás aplicacións orzamentarias que nela se indican:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	05XOK/2026
Importe total	36.968,48€
Número de facturas e gastos que contén	5
Número do Rexistro Facturas da primeira factura	F/2026/109
Número do Rexistro Facturas da última factura	F/2026/350

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta.

6. APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 004RRSE/2026

A Sra. Secretaria-Interventora informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu informe de intervención e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada consta asinada dixitalmente no expediente electrónico relacionado con este punto:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as factura incluídas na relación delas n.º 004RRSE/2026, así como o informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e considerando que consta acreditado que os servizos aos que se refire están realizados e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender os gastos correspondentes para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza, que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin se poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Informar que os contratos aos que se refire este expediente son necesario para poder prestar á veciñanza os servizos de competencia municipal del derivados e que, polo tanto, o xustifican de maneira motivada, e que non se está alterando o seu obxecto coa fin de evitar a aplicación dos límites para consideralo como menor aos que se refire a normativa vixente de aplicación.

SEGUNDO- Informa que con data 05/03/2026 mediante resolución da Alcaldía nº 092/2026 queda levantado o reparo formulado pola Secretaría-intervención.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

TERCEIRO.- Continuar coa tramitación do procedemento e recoñecer e liquidar as obrigas deste Concello correspondente aos gastos que constan no devandito expediente e que se integra na relación de facturas que se se reflicte deseguido, entendendo con isto levantado o reparo formulado pola Secretaría-intervención polas razóns de interese público expostas:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	004XRRSE/2026
Importe total	14.298,53€
Número de facturas e gastos que contén	4
Número do Rexistro Facturas da primeira factura	F/2026/112
Número do Rexistro Facturas da última factura	F/2026/396

CUARTO.- Imputar o gasto correspondente á aplicación orzamentaria que nela se indica.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta.

7. ASUNTOS URXENTES

Pola alcaldía indícase que o expedientes que se exhiben, atópanse finalizados e coa xustificación do seu carácter de urxencia, por non retrasar a resolución dos expedientes, propónse previa ratificación da urxencia por UNANIMIDADE dos presentes, incluír na orde do día o seguintes expedientes:

7.1 APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS 06XRRSE/2026 CON AD

7.2 APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS 08XRRSU/2026 CON AD

7.3 ACEPTACIÓN CESIÓN INMOBLE

7.4 APROBACIÓN DOS PADRÓNS FISCAIS DO SAF DO MES DE FEBREIRO DE 2026

A Xunta de Goberno Local, por **UNANIMIDADE** dos presentes, acorda ratificar a urxencia e a inclusión na orde do día dos expedientes propostos, co fin de non dilatar a resolución do mesmo xa que teñen implicacións económicas derivadas do cumprimento do PMP e á recadación de ingresos, así como as relativas á subvención que finaliza o prazo de solicitude no día de hoxe.

7.1 A Sra. Secretaria-Interventora informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

informe de intervención e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada consta asinada dixitalmente no expediente electrónico relacionado con este punto:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as factura incluídas na relación delas n.º 006XRRSE/2025, así como o informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e considerando que consta acreditado que os servizos aos que se refire están realizados e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender os gastos correspondentes para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza, que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin se poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Informar que os contratos aos que se refire este expediente son necesario para poder prestar á veciñanza os servizos de competencia municipal del derivados e que, polo tanto, o xustifican de maneira motivada, e que non se está alterando o seu obxecto coa fin de evitar a aplicación dos límites para consideralo como menor aos que se refire a normativa vixente de aplicación.

SEGUNDO.- Informa que con data 05/03/2026 mediante resolución da Alcaldía nº 91/2026 queda levantado o reparo formulado pola Secretaría-intervención.

TERCEIRO.- Continuar coa tramitación do procedemento e recoñecer e liquidar as obrigas deste Concello correspondente aos gastos que constan no devandito expediente e que se integra na relación de facturas que se se reflicte deseguido:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	06XRRSE/2026 CON AD
Importe total	18.030,21€
Número de facturas e gastos que contén	3
Número do Rexistro da primeira factura	F/2026/111
Número do Rexistro da última factura	F/2026/352

CUARTO.- Imputar o gasto correspondente á aplicación orzamentaria que nela se indica.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta.

7.2 A Sra. Secretaria-Interventora informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu informe de intervención e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada consta asinada dixitalmente no expediente electrónico relacionado con este punto:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as factura incluídas na relación delas n.º 008XRRSU/2025, así como o informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e considerando que consta acreditado que os servizos aos que se refire están realizados e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender os gastos correspondentes para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza, que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin se poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Informar que os contratos aos que se refire este expediente son necesario para poder prestar á veciñanza os servizos de competencia municipal del derivados e que, polo tanto, o xustifican de maneira motivada, e que non se está alterando o seu obxecto coa fin de evitar a aplicación dos límites para consideralo como menor aos que se refire a normativa vixente de aplicación.

SEGUNDO.- Informa que con data 05/03/2026 mediante resolución da Alcaldía nº 090/2026 queda levantado o reparo formulado pola Secretaría-intervención.

TERCEIRO.- Continuar coa tramitación do procedemento e recoñecer e liquidar as obrigas deste Concello correspondente aos gastos que constan no devandito expediente e que se integra na relación de facturas que se se reflicte deseguido:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	08XRRSU/2026 CON AD
Importe total	2.965,21€
Número de facturas e gastos que contén	1
Número do Rexistro da factura	F/2026/371

CUARTO.- Imputar o gasto correspondente á aplicación orzamentaria que nela se indica.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta.

7.3 A Sra. Secretaria-interventora dá conta deste expediente de Xestión de bens que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Datos Expediente:

Nº Expediente:	2026/X998/000018
Data expediente:	09/03/2026
Obxecto:	Xestión de Bens.- CESIÓN INMOBLE (Vilachá -Monfero)

O alcalde en funcións, en data 10/03/2026, ditou providencia sobre a cesión gratuíta do ben inmovible de referencia catastral 15051A031000730000LH

O Arquitecto contratado para o efecto, D. Antonio López Rodríguez, emitiu informe sobre as características do inmovible.

A Secretaría emitiu informe sobre a lexislación aplicable, o procedemento que habería que seguir.

O Arquitecto contratado para o efecto, confirma suficiente a superficie e a ocupación da Fonte Lavadoiro obxecto do proxecto de obra *de Rehabilitación e posta en valor da Fonte Lavadoiro de Vilaxoán en 156,38 metros cadrados que será a parte para que se efectuará a segregación*

Por iso, tendo en conta o exposto, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1. **Aceptar a cesión gratuíta e a perpetuidade** de dona MARIA TERESA CORTIZAS RODEIRO. DNI **4060***da superficie de 156.38 m2 da parcela catastral 15051A031000730000LH, e a construción Fonte lavadoiro de Vilaxoán, correspondentes á superficie afectada da parcela total de 889 m2 para a *execución da obra pública de Rehabilitación e posta en valor da Fonte Lavadoiro de Vilaxoán*, libre de cargas e gravames.
2. Verifícase que a propiedade se atopa o corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social así como coa Facenda local.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

3. Comprometerse a que o destino do ben cedido estará afecto durante o prazo de 30 anos ao servizo público que se plantexa, obxecto de subvención pública para o cal se comprometerá expresamente o acordo de aceptación da cesión.
4. Formalizar a presente cesión ante notario e inscribir no Inventario de bens municipais na primeira revisión anual que se tramite; así como inscribir no Rexistro da propiedade de Pontedeume.
5. Igualmente se fará a correspondente alteración catastral coa previa afección ao uso público que se acorde polo Pleno da corporación unha vez que sexa concedida a axuda económica que habilita a execución do investimento público que motiva a necesidade da cesión de terreos privados ao concello de Monfero.
6. Facultar ao Sr. Alcalde en funcións, para que proceda á formalización do correspondente Escritura Pública, sendo por conta do Concello os custos de outorgamento e demais gastos e impostos derivados da transmisión conforme á Lei

O alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo.”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta.

7.4 A Sra. Secretaria-Interventora da conta dos padróns fiscais aos que se refire este punto da orde do día, elaborados pola Intervención sobre a base dos informes previos da Sra. Traballadora Social, e da proposta de acordo da Alcaldía que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación referida, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico de referencia:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar os padróns fiscais do prezo público polo servizo de axuda no fogar que se indican a continuación, que constan asinados dixitalmente no correspondente expediente electrónico, elaborados pola Secretaria-Interventora en réxime de acumulación a partir dos correspondentes informes da Sra. Traballadora Social do Concello, que tamén constan asinados dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e demais documentación relacionada con estes.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

1.- Aprobamos os padróns fiscais de prezo público do Servizo de Axuda no Fogar do mes de febreiro de 2026, dependencia e libre concorrência, elaborados pola Secretaría-Intervención do Concello, cos importes, usuarios, e demais datos que constan neles e que se reflicten na táboa que aparece a continuación:

INICIAIS 1º PERSONA USUARIA	INICIAIS ÚLTIMA PERSONA USUARIA	TOTAL PERSONAS USUARIAS	MODALIDADE SERVIZO	IMPORTE
BNMA	VGJA	34	DEPENDENCIA	2.406,35 €
ALFI	VDL	24	LIBRE CONCORRENCIA	579,64 €

2.- Expoñer ao público os devanditos padróns fiscais, mediante anuncios a publicar no B.O. da Provincia e no taboleiro de anuncios electrónicos municipal, por prazo de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no BOP, para que os interesados poidan examinalos no Concello e presentar as reclamacións que consideren convenientes. Con dito anuncio notifícanse colectivamente a todas as persoas contribuíntes incluídas neles, as liquidacións que conteñen, conforme autoriza o artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3.- O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, segundo o artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, contados desde o día seguinte ao desta data de aprobación do padrón fiscal pola Xunta de Goberno Local, e, transcorrido este, procederase a esixir os xuros de mora e as recargas que procedan segundo os artigos 26 e 28 da nomeada Lei xeral tributaria e, se fora o caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

Canto ao lugar de ingreso e modalidade de cobro, de acordo co previsto na Ordenanza fiscal municipal reguladora deste prezo público, será mediante domiciliación bancaria. Os recibos enviaranse para o seu cargo nas contas bancarias designadas polas persoas contribuíntes contribuíntes entre os días 10 e 12 de abril de 2026.

4.- Contra este acordo e as liquidacións aprobadas, os/as interesados/as poderán interpoñer preceptivamente recurso de reposición, perante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

contado desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública dos correspondentes padróns, que se entenderá desestimado se non se resolvera de maneira expresa no prazo dun mes, e, contra o seu rexeitamento, recurso contencioso administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución do recuso de reposición, se é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza a desestimación presunta se non o fose.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás trece horas e quince minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, certifícoo.

O Alcalde en funcións

A Secretaria en réxime de acumulación

D. Alberto Cortizas Rejo

D.^a Ana Ramos Ramos